

4º ESO A

Hugo Penelo

Na beira do mar bravío, onde as ondas rompen con furia, sinto a brisa acariciando miña alma, e o sol descende na súa lonxanía. As gaivotas voan graznando o ceo, e as rochas resisten o embate do mar, é aquí onde o corazón se enche de paz, neste paraíso galego que eu amo.

Daniel Fernández Díaz

Tan lonxe
e á vez tan cerca
do teu rostro,
das túas meixelas.

Non poder acercarme,
ter medo de falar
por poder equivocarme,
e non haber volta atrás

Coas bolboretas
das que non podo fuxir,
que me recordan
sempre a ti.

Espero poder armarme
dun valor incalculable
para ao final diante túa
ter o valor de declararme.

Pablo Dorado Loureiro

Odiarnos, amarnos?

Amor pola patria?
Odio pola patria?
Cal dos dous é correcto?
Cal debería de selo?

Elixirei amar a patria
A Miña terra querida
O doce dos meus ollos
O que me deu a vida

Ao transmitirillo ao mundo, atopo unha nube
Escura, indeleble, voluminosa
que me impide chegar ao fondo
do meu amor á patria nosa.

A nube achégase a min
acusándome de traizón,
Causándome confusión
Polo feito de que me fale así

Da nube saian alaridos
da nube saian sentimentos
Da nube saia descontento
Da nube saian membros da patria

Entón, sobresaltado,
Dispúxenme a disipala
Soprando na sua fronte
Co obxectivo de que marchara

De súpeto, sobresaltei
Da nube saia xente
Xente que me ameazaba
Que me odiaba.

Pero.... EU non amaba a patria?
A patria non me ama,
non me ama polo feito de que amo a patria
Que hei facer, que é o que o destino me reclama?

Onde quedou a bandeira
A ilusión por coñecer a Nosa historia

O clima de euforia

Por desfrutar das nosas costumes, das nosas feiras.

Vexo que a xente non se quere

Vexo que o país refusa del mesmo

Vexo que o amor polo propio se acaba

Vexo que os intereses globalistas se impoñen

Por que?

O foráneo é mellor que o interno?

A raíz disto propoño:

É mellor a utopía do descoñecido ou o refugallo de preservar o que é noso?

Observo que o racional se converteu en radical

Que querer a túa cultura non é bon

Que, o xuízo popular non sempre é veraz

Que somos o noso peor inimigo

Odiarei a patria

Agora odio a xente que ama a patria

Férvenme os ollos ao ver a bandeira

Ao recordar a miña historia

Que é iso de vangloriar a patria?

Acaso somos fascistas?

Que sociedade somos?

Cara a onde nos diriximos?

Ama EE.UU.: o símbolo da liberdade

Ama Arxentina: a Nosa segunda casa

Ama Irlanda: os réximes fiscais baixos

Ama Europa: o sinónimo de democracia

España?

Pulseiras da bandeira no pulso?

Fachas! Sinvergüenzas! Arrogantes!

Habería que limitar a súa difusión.

Amor, odio
Opinión, persecución
Intolerancia, polarización
Realidade, negación do obvio

Para concluír, alleo ao poema, rematarei cunha reflexión de Julián Marías: *"Lo que más me inquieta es que en España todos se preguntan: ¿qué va a pasar? Casi nadie se pregunta: ¿qué vamos a hacer?"*

Naiara Diéguez

Eu non podo permitir
esta lacra contra min.

Eu non podo entender
quen che ensinou a malquerer.

Eu non podo controlar
esta violencia contra ti.

Eu non podo pedir
axuda para ti resistir.

Non pretendas facerme dano
porque xa esta todo feito.

Non pretendas secar a auga
que as miñas bágoas derramaron.

Eu sei o que ti sentes
porque eu xa o sentín.

Eu sufrín na miña vida
agora debes sofrer ti.

Yasmin Ibrahim

LATIDOS DE AMOR

No xardín dos teus ollos atopo paz,
onde as estrelas bailan ao compás.
Nos teus beizos, o mel da paixón,
e no teu abrazo, o refuxio do meu corazón.

Os teus susurros son versos que encantan,
como melodías que á alma levantan.
Es o sol que ilumina o meu sendeiro,
e o suspiro que calma o meu anhelos sincero.

Baixo o ceo nocturno, ti e eu entrelazados,
como dúas almas que foron destinadas.
En cada latido, en cada respirar,
o noso amor florece, sen fin, sen cesar.

4º ESO B

Antía Núñez Castro

A miña persoa especial
Ti alumeas os meus días,
fásmeme rir cando estou triste,
nos momentos bos,
e nos malos, sempre estás aí.

O teu sorriso, os teus ollos,
todo de ti é o que eu quero,
pasar días e noites xuntos,
e sempre cun sorriso na cara.

Grazas por ser así comigo,
por soportar que sexa quen son,
por facerme rir sempre,
de verdade, grazas por todo.

Carme Casanova Lamas

Rosa(lía)

Rosalía, le e lerá,
ela loitaba por que non podía,
ou ben por quen non quería falar.

Falaba polas mulleres,
polos pobres, polos débiles,
ela loitaba por todos nos.

Loitou polo idioma,
idioma que hoxe moitos rexeitan
idioma que máis de un xa non lembra...

Fixo moito pola terra,
eu solo teño unha aspiración,
que é chegar a ser a metade dela.

Oxalá ser recordada así,
pero non por dicirle adiós aos ríos e as fontes
senón por facer que se valores os nosos regatos pequenos.

Por unha terra xusta,
unha na que non fai falta tomar
A xustiza pola man.

Quero que os rapaces orgullosamente falen en galego,
quero que gracias a eles
non esquezamos o fermoso pasado.

Que amen a lingua,
soñen cos Cantares galegos
e que todo o mundo morra, solo por seren galegos.

Desexo que todo mundo sinta por Galiza
o mesmo que sinto eu,
que todo o mundo cuide, isto que levo no corazón.

A nosa eterna é eterna
non solo eterna no noso interior,
adoro a miña terra e que todos compartan a paixón.

Iria Amedo López

Quérote moito

Bolboretas na barriga,
sento cando te vexo.
Porque ti, es a miña viga

Sen ti non son nada,
sen ti fáltame algo,
sen ti o meu corazón está baleiro

Non podo pasar un segundo sen ti
Cando non estás miro as nosas fotos
Cando non estás non paro de pensar en ti

Quérote moito,
como a troita ao troito

Carla Rodríguez Vázquez

ESTOU NAMORADA...

Estou namorada, e iso é...
Síntoo bolboretas no estómago cando o vexo,
Síntoo que o meu corazón se para cando o bico
Síntoo que o seu sorriso é o mellor son do mundo
e que non quero deixar de escoitalo nos meus oídos.

Estou namorada, e iso é...
Pérdome nos seus brazos cada vez que rozan a miña pel
pérdome nos seus ollos cada vez que nos miramos,
e son coma dous espellos onde só vese a perfección del.

Estou namorada, e iso é...
Síntoo unha chea de emocións cada vez que estamos xuntos
síntoo que tres horas con el fosen só cinco minutos de nada,
síntoo coma se o mundo se detivera cada vez que me fala
e simplemente o escoito a el, ó resto parece que xa non contan nada.

Kevin Carballido

Es coma a lúa
que pola noite demostra
a súa beleza máis pura
por máis nubrada que estea.

Ainara Álvarez Machado

Unha palabra, unha ilusión,
un sentimento e unha paixón.
Pero tamén son estereotipos
diferenzas e desigualdades.
Din que o fútbol é de homes,
pero non ten xénero é un deporte.

É un deporte para xogar,
para vivilo, aprender e mellorar.
Homes e mulleres pódeno practicar,
mentres sexa todo por desfrutar.
A desigualdade neste deporte faise notar,
cando os soldos dos homes por riba sempre están.

Din que as mulleres non transmiten emoción,
que o fútbol ao que xogan é aburrido
que para chegar aos nivel dos homes lles falta moito.
Pero grazas a deus isto comeza a cambiar,
os estereotipos, desigualdades... comezan a baixar
é para que cheguen ao mesmo nivel débese demostrar
que as mulleres igual ca os homes bo fútbol saben crear.

Alexandra Bocman

Quérote ou ámote,
son palabras moi íntimas,
son palabras para dicilas,
pero poden deixarte en ruínas.

Quérote ou ámote,
son palabras que só se deben dicir
se as sentes realmente.

Quérote ou ámote,
son palabras que poden ferir,
son palabras para escribir,
pero non para sufrir.

Taha Matahi

No campo de batalla desatase,
a loita entre equipos sen tregua nin pausa,
con balóns de coiro e botas enardecidas,
enfrentámonos nun ballet de emocións compartidas.
O gol é o obxectivo a rede é o destino
e os xogadores loitan con ardor asasino
corren e entréganse con paixón desenfreada,
pola gloria de gañar, pola vitoria anhelada.
o fútbol ensínanos que na adversidade,
a compañía e o traballo en equipo
son a clave da realidade.

Noa Vázquez Blanco

Nunca poderei esquecerme de ti

Ignórame todo o que poidas
Pero de ningunha maneira
Poderás esquecerme de todo o que fixemos aquela noite

Ti non poderás esquecerme de min
Por todo o que me queres
Por todo o que penso en ti

Es esa persoa que me calma
Ti es o meu deus,
Se te vas fáltame algo dentro de min

Cada momento contigo disfruto,
non o esquezo
O teu amor é a miña medicina